

**SUPUESTO Nº 22**

Vostede forma parte do claustro dun CEIP de liña dous, con xornada única, que dispón dos servizos de Plan madrugadores, comedor e transporte escolar. É titor/a dunha aula de 4o nivel de Educación Infantil con 25 nenos e nenas, onde se atopa un alumno TEA.

1. Como titor/a observa un comportamento repetido e prolongado no tempo que revela unha expresión de identidade sexual que non coincide co sexo asignado ao nacer. Como actuaría ao respecto? Indique os pasos a seguir e o establecemento das medidas necesarias. Indicar os pasos para trasladar a información á comunidade educativa.
2. Unha familia comunica ao Centro que a súa filla, alumna do grupo do que vostede é titora, ten unha alerxia alimentaria grave. Indique as actuacións a seguir por vostede como titora e polo Centro. Refira os pasos a seguir, documentación necesaria, responsabilidades e actuacións no caso de precisar medicación ante un hipotético episodio de alerxia sobrevido durante a xornada escolar.
3. O alumno con Trastorno de Espectro Autista (TEA), asiste dous días á semana a un CEE doutro concello próximo. Describa o procedemento levado a cabo para esta escolarización e as súas actuacións a seguir.
4. Unha alumna chega o luns á aula cun díptico informativo sobre unha visita feita na fin de semana a un elemento do patrimonio local. Describa como aproveitaría esta situación educativa deseñando unha proposta contextualizada e funcional de traballo da lingua escrita tendo en conta a titoría entre iguais.
5. ¿En qué consiste la Triada de Lorna Wing?